

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1XG	<i>Expediente</i> CON/41/2015	<i>Fecha</i> 09-10-15 11:04

Número 89 .- Adjudicación do expediente denominado "Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes".

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de outubro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 89 .- ADJUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DENOMINADO "PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS ADSCRITOS Á XESTIÓN DO DEPARTAMENTO MUNICIPAL DE DEPORTES".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 6 de outubro de 2015, da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal, así como do informe favorable nº 2015/689 da técnico de Intervención que conta co conforme da Interventora xeral municipal, de data 7 de outubro de 2015.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Noa María Morales Sánchez, concelleira delegada de mocidade, deporte e benestar animal, e presidente da mesa de contratación da licitación "Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes" conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1XG	<i>Expediente</i> CON/41/2015	<i>Fecha</i> 09-10-15 11:04

Primeiro: Con data 22 de setembro de 2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador JARDINERIA ARCE S.L.

Segundo: Finalmente, con data 6 de outubro celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes mesas de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **JARDINERIA ARCE S.L.**, por un importe de **98.997,67** euros (IVE aparte 21%: 20.789,51 euros), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a posta a disposición do Concello de 200 m2 de rede recollebalóns.

Noméase como técnico responsable do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico de programación e xestión deportiva

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 34200 21201**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015: 25.000 euros.

Anualidade 2016: 94.787,18 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **JARDINERIA ARCE S.L.**, por un importe de **98.997,67** euros (IVE aparte 21%: 20.789,51 euros), por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1XG	<i>Expediente</i> CON/41/2015	<i>Fecha</i> 09-10-15 11:04

Así mesmo, compromete a posta a disposición do Concello de 200 m2 de rede recollebalóns.

Noméase como técnico responsable do contrato a D. Juan Garabato Rodríguez, técnico de programación e xestión deportiva

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 34200 21201**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercizos orzamentarios:

Anualidade 2015: 25.000 euros.

Anualidade 2016: 94.787,18 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

